

Terceiro.-Publicar este acordo no *Diario Oficial de Galicia*.

Contra esta resolución poderá interpoñerse recurso de alzada ante o director xeral de Mobilidade da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*. Transcorridos tres meses desde a presentación do referido recurso sen que se notifique a súa resolución, entenderase desestimado e quedará expedita a vía procedente.

Santiago de Compostela, 9 de decembro de 2009.

Xosé Lluís Fernández Suárez
Presidente do tribunal

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

Orde do 14 do decembro de 2009 pola que se modifica o artigo 16 da Orde do 7 de outubro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións para o financiamento de accións orientadas a produtos ou servizos de innovación tecnolóxica relacionados co Xacobeo 2010, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009.

Pola Orde do 7 de outubro de 2009 aprobáronse as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións para o financiamento de accións orientadas a produtos ou servizos de innovación tecnolóxica relacionados co Xacobeo 2010, e se procedeu á súa convocatoria para o ano 2009.

No artigo 16 da devandita orde establécese que o prazo de presentación da documentación da subvención xustificativa así como o período de emisión das facturas e dos xustificantes de pagamento remata o 18 de decembro de 2009.

Tendo en conta o atraso producido na resolución das ditas subvencións, motivado polo volume de solicitudes presentadas e polo longo proceso de avaliación, e co fin de viabilizar o proceso de xestión e dado que non se causa prexuízo a terceiros, procede modificar o referido artigo 16 da orde de convocatoria, polo que

DISPOÑO:

A modificación parcial do artigo 16 da Orde do 7 de outubro de 2009 pola que se aprobaron as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións para o financiamento de accións orientadas a produtos ou servi-

zos de innovación tecnolóxica relacionados co Xacobeo 2010, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009, que queda redactado do seguinte xeito nos parágrafos afectados:

Artigo 16º.-*Xustificación da subvención.*

1. Para cobrar a totalidade da subvención concedida, o beneficiario deberá presentar nos lugares sinalados no artigo 2º desta convocatoria e na data límite do 29 de decembro de 2009, un exemplar da seguinte documentación:

a) ../...

b) ../...

c) Xustificación do pagamento: transferencia bancaria, certificación bancaria ou extracto de pagamento. En ningún caso se admitirán xustificantes de pagamento con data posterior ao 29 de decembro de 2009. Nestes documentos deberán estar claramente identificados o receptor e o emisor do pagamento, a satisfacción do importe total da factura e o concepto a que corresponden.

(../...)

Santiago de Compostela, 14 de decembro de 2009.

Javier Guerra Fernández
Conselleiro de Economía e Industria

Resolución do 3 de decembro de 2009 pola que se adxudican as axudas para o fomento da investigación e a innovación empresarial do procedemento IN841C, convocadas pola Orde do 22 de xullo de 2009 (Diario Oficial de Galicia número 148, do 30 de xullo).

Pola orde da Consellería de Economía e Industria do 22 de xullo de 2009 (DOG nº 148, do 30 de xullo), convocáronse as axudas para o ano 2009 para o fomento da investigación e a innovación empresarial no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, correspondentes, entre outros, ao procedemento IN841C: Realización de proxectos de innovación.

Na súa virtude, de acordo co establecido nas bases da citada orde da convocatoria, atendendo as disponibilidades de crédito e á proposta elaborada pola comisión de valoración prevista no artigo 10º da orde da convocatoria, esta consellería

RESOLVE:

Primeiro.-Concederlles as axudas para a realización de proxectos de innovación aos beneficiarios que se relacionan no anexo C-I desta resolución, nas contías que se sinalan.